

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CEIP ESPEDREGADA

### **BECAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE EDUCATIVA DE APOIO ESPECÍFICO**

Aberto o prazo para a solicitude de axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo ( NEAE) do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o próximo curso 21/22.

#### **DESTINATARIOS**

**Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo(NEAE)** incluídos:

- **Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade(TDAH)**
- **Trastorno do Espectro Autista(TEA)**
- **Altas capacidades intelectuais**
- **Trastornos Graves de Comunicación e Linguaxe**
- **Trastornos Graves da Conduta**
- **Alumnado con discapacidade**

#### **REQUISITOS XERAIS:**

- **O alumnado con altas capacidades intelectuais** deben acreditar esta necesidade específica de apoio educativo mediante un certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou dun departamento de orientación.
- **O alumnado que presenten necesidade educativas especiais** derivadas de **discapacidade, trastorno grave da conduta, ou trastorno grave da comunicación e da linguaxe** deben acreditar necesidade educativa de apoio educativo mediante:

-Certificado de discapacidade, de polo menos dun 33 por cento, no caso de alumnos con discapacidade

-Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou dun departamento de orientación, no caso de alumnos con trastorno grave de conduta ou trastorno grave da comunicación e da linguaxe asociados a necesidades educativas especiais.

- **O alumnado con Trastorno de espectro autista (TEA)**, que requiran apoios educativos poderán obter axudas mediante:
  - Certificado médico de expedido polos servizos de saúde públicos e acreditar necesidade educativa específica de apoio educativo mediante certificado do departamento de orientación.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN da solicitude:** 3/8/2021 ao 30/9/2021

#### **CUANTÍAS DAS AXUDAS:**

- Reeducación pedagóxica e reeducación da linguaxe,913 € por cada unha delas.
- Programas complementarios á educación regrada destinados a altas capacidades, 913 €.

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CEIP ESPEDREGADA**

O **formulario da solicitude** cumprimentarase en liña a través da seguinte dirección:

<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=1554>

Unha vez cuberta a solicitude telemática, hai dúas opcións:

- **Solicitantes** con claves electrónicas de administracións públicas con certificado de firma electrónica: presentárase a través do rexistro telemático deste Ministerio, achegando en formato PDF(escaneado) a documentación requirida pola propia aplicación.
- **Solicitantes sen certificado de firma electrónica:** imprimirán o modelo de solicitude e presentaranos, unha vez asinado por todos os membros da unidade familiar que deban facelo, no centro educativo no que se vaian a realizar os estudos durante o curso 2021-2022. Neste caso **deben solicitar cita previa** para entregar a documentación no teléfono 886151463 do CEIP Espedregada ou no correo electrónico do [ceip.espedregada@edu.xunta.gal](mailto:ceip.espedregada@edu.xunta.gal) .

### **DOCUMENTACIÓN**

Para tódalas axudas:

1º Certificación expedida polo inspector da zona.

2º Informe específico do equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación no que se detalle a asistencia educativa e as horas semanais.

3º. Memoria expedida polo centro ou reeducador que preste o servizo na que conste información detallada das características do mesmo, incluíndo número de horas semanais e especialista que o presta así como do custo mensual.

4º. Declaración responsable da persoa que imparta a reeducación pedagóxica ou da linguaxe de que reúne os requisitos de formación esixidos.

5º Outros:

-En función do tipo de beneficiario (certificado de discapacidade e ditame técnico emitido pola Consellería de Política social, informe médico no caso de alumnos con Trastorno do Espectro Autista...)

- En función da situación familiar (Título de familia numerosa, certificado de familia monoparental, certificado de orfandade absoluta,...)

### **LIGAZÓNS DE INTERESE:**

- Acceso á convocatoria oficial das axudas : [Becas y ayudas para alumnos con necesidad específica de apoyo educativo \(Curso 2021 - 2022\) | Ministerio de Educación y Formación Profesional \(educacionyfp.gob.es\)](https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/tipos-de-becas.html)
- Acceso á convocatoria en lectura fácil: <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/tipos-de-becas.html>

### **PARA ACLARACIÓNS OU DÚBIDAS**

Escriban un correo electrónico a orientadora, [macarena.gonzalez@edu.xunta.gal](mailto:macarena.gonzalez@edu.xunta.gal) ou chamen por teléfono os luns de 9-14 horas.